



SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E
PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA

ASESORAMIENTO EN SAÚDE MENTAL

FEAFES Galicia ofrece información e asesoramento sobre saúde mental ao alumnado da UDC.

Horario: Luns a venres de 8h a 15h e luns a xoves de 16h a 19h (en verán só horario de mañá)

Lugar: Avda. Peruleiro nº 18 baixo, A Coruña (a 5 minutos do CUR)

Necesaria cita previa: 981 228 135 / coruna@feafesgalicia.org

E ademais...

Posibilidade de facer
prácticas ao
alumnado da UDC

Asesoramento
nos traballos de
Fin de Grao

Facer
voluntariado
connosco

CONTACTA CONNOSCO E INFÓRMATE: 981 228 135
coruna@feafesgalicia.org
[@FEAFESGalicia](https://www.facebook.com/FEAFESGalicia)  

CONVENIO DE COLABORACIÓN UDC-SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA.

Desde **Saúde Mental FEAFES Galicia** en colaboración coa **Universidade da Coruña** queremos contribuír a construír unha Universidade máis saudable e máis amable para todo o seu alumnado. Por iso a través, do convenio de colaboración asinado, poñemos á vosa disposición o seguinte:

1º.- Se tes algunha dificultade o te atopas nunha situación que pode precisar de axuda, consello ou orientación, temos a túa disposición un servizo de **INFORMACION E ASESORAMENTO** na cidade da Coruña. Podes visitarnos de luns a venres en horario de mañá ou tarde (os venres só no horario de mañá), chamando por teléfono ao número **981-228135** ou no enderezo electrónico coruna@feafesgalicia.org. O enderezo das nosas oficinas é **Avda.Peruleiro nº 18 baixo**. Estamos a 5 minutos do CUR

Si estudas no campus de Ferrol, ofrecemos o servizo na mesma cidade dúas veces ao mes en horario de mañá. Para concertar unha cita, podes chamarnos o mesmo número de teléfono ou se o prefires escribarnos ó enderezo electrónico

2º A saúde mental é unha ámbito e unha dimensión da saúde que cada vez capta maior interese no ámbito social e educativo. Neste sentido moitos estudantes desexan afondar ou coñecer mellor este ámbito de estudo e de intervención. Para iso facilitamosche:

- ⇒ A posibilidade de acoller a alumnado da Universidade da Coruña a través das súas prácticas curriculares, cun límite de un/unha alumno/a por semestre e en función da nosa dispoñibilidade neses momentos. Ese acollemento tamén vai depender da propia facultade na que se estude.
- ⇒ Asesoramento nos traballos de fin de Grao no ámbito da saúde mental ou a discapacidade por este motivo. O procedemento a seguir sería o seguinte:
 - Remisión dunha petición formal xunto cun certificado ou acreditación do centro de procedencia do/a alumno/a, na que se identifique a persoa que solicita a colaboración, o obxecto e xustificación da solicitude e a utilidade ou o fin da información solicitada. Unha vez recibida a documentación, **Saúde Mental FEAFES Galicia**, en función da dispoñibilidade, concederá unha entrevista persoal para plantexar e aclarar dúbidas sobre a futura colaboración e nun prazo de 15 días darase unha resposta.
 - O número de traballos aos que se poderá ofrecer asesoramento tamén estará limitado en función da dispoñibilidade do persoal técnico asignado.

3º Facer voluntariado nos servizos ou programas de **Saúde Mental FEAFES Galicia**. Podes chamar para informarte no teléfono da nosa oficina na Coruña ou no enderezo electrónico.